

::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebrou este sábado 13 de febreiro a súa asemblea xeral

Publicado o **13 Febreiro 2016** por [asociacionescritoras-es](#)

(A Coruña, 13 de febreiro de 2016) A



[Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#) (AELG) celebrou na mañá de hoxe sábado a súa [Asemblea Xeral de socios/as](#), que acordou outorgar a [Dolores Macías Pose](#), e a [Mini e Mero](#) os Premios [Mestres/as da Memoria](#) 2016, galardóns que se entregarán na [I Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria](#) a celebrar en Lugo o 19 de marzo; tamén o nome do [Escritor/a Galego/a Universal 2016](#), distinción que se recollerá Pere Gimferrer na [I Gala do Libro Galego](#) que terá lugar o 14 de maio na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, acordouse que [Helena Villar Janeiro](#) sexa a próxima [“Escritora na súa Terra – Letra E”](#) e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo segunda edición; será no mes de xuño no Concello de Rianxo.

Aprobouse



o programa de actividades para o ano, que inclúe como a máis próxima a celebración do vindeiro [Día de Rosalía de Castro](#) (anexamos o deseño base feito por Pepe Barro para difundir os actos que se desenvolverán por todo o país). O programa aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores; tamén a organización ou organización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos formadores/educadores/mediadores da lectura. Tamén se reforza o proxecto coordinado pola [Sección de Literatura de Tradición Oral](#) coa celebración dunha Gala dos Premios *Mestres e Mestras da Memoria* e a través da celebración de novas [polaffas](#) e dunha nova edición, a novena, da *Xornada de literatura de tradición oral*. Asemade, a visibilidade da escritora e do escritor a través da web continuará a ser un eixo central da actuación da entidade co enriquecemento do espazo común e mais de cada páxina individual con que cada Socia/o conta no [Centro de Documentación](#) da web da AELG.

Tamén se acordou a incorporación de tres novas vogalías ao Consello Directivo da AELG, as de [Leticia Costas](#) por Vigo, [Ramiro Torres](#) como responsábel de comunicación, e mais [Afonso Becerra](#) como vogal de literatura dramática.

Anunciouse a creación dunha Sección de Literatura Dramática e confirmouse a participación activa da AELG na plataforma [Seguir creando](#).